


OS ESQUEMAS (PROPOSTA DE TRABAJO PARA 4º DE ESO)

Hai moitos tipos de esquemas, pero nós imos distinguir tres grandes bloques: **os de comparación** (procesos de observación das características), **os xerárquicos** (procesos de clasificación) e **os secuenciados** (procesos de ordenación e cambio).

a) Os **esquemas de comparación** presentan a seguinte estrutura:



b) Os **esquemas xerárquicos** son moi frecuentes e diversos. Aquí presentámosche unicamente dous dos máis habituais:

1. O esquema numérico


TÍTULO DO TEMA

1. IDEA PRINCIPAL 1 (Básica)
 - 1.1 IDEA SECUNDARIA 1 (Complementaria)
 - 1.1.1 Detalle / Matiz (Accesorio)
 - 1.1.2 Detalle / Matiz (Accesorio)
 - 1.2 IDEA SECUNDARIA 2 (Complementaria)
 - 1.2.1 Detalle / Matiz (Accesorio)
 - 1.2.2 Detalle / Matiz (Accesorio)


2. IDEA PRINCIPAL 2
 - 2.1 IDEA SECUNDARIA 1
 - 2.1.1 Detalle / Matiz
 - 2.1.2 Detalle / Matiz
 - 2.2 IDEA SECUNDARIA 2
 - 2.2.1 Detalle / Matiz
 - 2.2.2 Detalle / Matiz

3. IDEA PRINCIPAL N

2. O esquema de chaves



c) Os **esquemas secuenciados** son os que mellor representan a idea de cambio, tanto a través do paso do tempo como as variacións na forma ou nas características dun elemento. Presentan a seguinte estrutura:



Elabora o esquema dos seguintes textos, escollendo en cada caso o tipo que che pareza máis axeitado:

Práctica 1

Con excepcións moi contadas, nas facultades galegas predomina o número de alumnas: un 56% en xeral, chegando ó 62% na Universidade de Santiago. Porén, as cifras de alumnado non teñen correspondencia coas de postos de responsabilidade nesta institución, xa que as decanas e catedráticas cóntanse cos dedos das mans. Son os homes os que seguen mandando nunha universidade na que, en poucos anos, máis da metade dos títulos serán para as mulleres, que racharon co veto secular en licenciaturas como Medicina ou Física.

Práctica 2

Ramón de Valenzuela naceu na Bandeira no ano 1914; foi membro do Partido Galeguista e estudou Filosofía e Letras.

Cando en 1936 estalou a Guerra Civil anotouse no bando nacional para poder pasarse ó republicano. Despois da guerra estivo nun campo de concentración e en varias prisións ata que conseguiu fuxir para Arxentina.

Alí publicará a súa obra narrativa, na que conta moitas experiencias autobiográficas: *Non agardei por ninguén* (1957), *O Naranxo* (1966) e *Era tempo de apandar* (1980).

Nos últimos anos da súa vida regresa a España; morre no ano 1980 e está enterrado en Adina (Sanxenxo).

Práctica 3

A tipoloxía da casa galega é variada, pero ímonos deter na casa con sobrado para observar, de xeito particular, un dos seus elementos máis característicos: o seu sistema de “calefacción”.

Se a cociña é o cuarto fundamental da casa tradicional, pois nela xúntase a familia para comer, recibir visitas ou facer tertulias, a lareira é o seu santuario. É unha lousa de pedra sobre a que se acende o lume. Unhas quedan a rentes do chan e están situadas, en función do espazo do que dispoña a cociña, nun ángulo, nun lado ou no centro; outras están un pouco máis altas có chan circundante para que o servizo do lume sexa máis cómodo. Arredor da lareira, sentados en cadanseu tallo, os membros da familia buscan o quentor nos días de inverno.

Se a lareira é a verdadeira caldeira de calefacción, a corte é unha central térmica que regula a temperatura da casa. Na planta baixa, sobre un chan de terra, alfombrado con estrume, dorme a facenda. A calor animal fíltrase polas fendas do teito de madeira, que á súa vez lle serve de piso ó sobrado, e mantén a morneza no ambiente dos cuartos.

Por último, e aínda que non sexa unha calefacción propiamente dita, ten a casa tradicional con sobrado un sistema para aproveitar as raiolas dos días de inverno. Na fachada que dá ó nacente, para que lle dea o sol pola mañá, ou na que dá ó poñente, para que lle dea pola tardiña, está a solaina. Trátase dun corredor con chan de lousas e xeralmente con tellado que, ademais de ter a utilidade que acabamos de sinalar, foi aproveitado con singular beleza na arquitectura popular galega.

Práctica 4

A ampla variedade e diversidade existente entre o estudantado dun mesmo centro fixo que nos últimos anos un grupo de pedagogas se interesase por establecer algo así como unha clasificación do alumnado, para tratar de organizar esta diversidade e ensaiar novos métodos didácticos dependendo do tipo predominante en cada grupo. Os datos que aquí presentamos refírense unicamente ós modelos habituais, así que poden existir casos que non cadren con eles.

Parece que ultimamente son moitos os que responden ó modelo “Prisioneiro” ou “¿Canto falta?”: non para de mirar e/ou preguntar a hora e está todo tempo pendente de despistar ó pesado do profesor/a; para el as sesións do instituto son máis longas ca un día sen pan e o que máis desexaría neste mundo sería que a semana tivese dous días e a fin de semana cinco. Recoméndase mercarlle un reloxo para intentar diminuír a súa “ansiedade horaria”.

Claro está que tamén hai quen está no instituto coma peixe na auga: é este o modelo “Relacións Públicas”, que considera que o centro é un lugar para pasalo ben cos colegas ou, se se dá o caso, botar algún ligue; home, hai que ter en conta as normas, pero se non te pasas moito non che sucede nada. Recomendación: unha moza/o que lle dure todo o curso académico para evitar traumas na súa personalidade.

No polo oposto atopamos o modelo “Empollón” ou “Un notable é unha desgraza”, ó que rara vez lle queda tempo para botarlle o ollo a alguén (excepcionalmente ó profesor/a), posto que a súa máxima preocupación é sacar boas notas para poder pasar a estudos superiores e/ou obter un bo traballo; o demais xa virá despois. Consello: regalarlle unha antoloxía poética sobre o paso do tempo.

Outro modelo moi abundante e totalmente diferente ó anterior é o “Mínimo esforzo” ou “Xa chega”, sempre disposto a ir falar co profesorado para que lle suba o catro que lle puxo ata o cinco porque é certo que non traballo moito, pero non me porto mal; non pretenderán que saque boas notas? Recoméndase aplicarlle tamén a súa norma dos “mínimos” nos cartos que se lle dean.

Quedariannos, finalmente, dous modelos que teñen ás veces unha relación moi íntima entre eles, polo que é fácil que se faga trasvase do primeiro ó segundo: o “Enfrontamento Permanente”, chamado así mesmo “Porque me dá a gana”, e o “Escaqueador” ou “Anguía”: os dous están moi a desgusto no instituto; o primeiro opina que os profesores/as son todos inxustos e bordes, polo tanto hai que enfrontarse a eles/elas e molestalos o máximo posible; o segundo, algo máis pacífico ou, se cadra, simplemente pasota, prefire latar sistematicamente porque que mellor escola hai que a propia vida? Antes de dar algunha recomendación para eles deberíase comprobar se teñen ou non razón.

Estes son os datos fundamentais da primeira investigación, pero cómpre engadir que as autoras, cando foron ó Instituto de Vila de Cruces explicar o seu estudo, descubriron un novo modelo que sospeitan que non debe ser exclusivo deste centro: é o estudante “Avestruz” que, probablemente influído pola chegada á zona desta especie animal para a súa cría en granxas, imita o seu comportamento agochando a cabeza cada vez que o

profesorado pregunta algo na clase. A recomendación para este tipo de estudante está moi clara: un vídeo sobre estes animais para que comprobemos se lles serve de algo esta actitude.

Práctica 5

Na arte do “copieteo” pódense usar técnicas moi diversas; a seguir falaremos dalgunhas delas e das súas vantaxes e inconvenientes.

A *copia directa* consiste en copiar do libro ou dos apuntamentos aproveitando os descoidos do profesorado. Ten a desvantaxe de ser incómoda e, ademais, se non se cambia algo o copiado nótase moito e pódese descubrir. Hai que ter un ollo no profesor/a e outro no libro, así que se corre o risco de quedar birollo. Neste sentido é menos perigoso para a saúde o *susurro chivateador*: pregúntaselle ó compañeiro/a o que non se sabe e... hai que esperar que o seu bo corazón faga que nos responda. Convén preguntar e escoitar mirando para outro lado, pero non poñer a man na boca, senón baixar a cabeza. Pode ser que o compañeiro/a se equivoque ou que tamén o suspendan se se descobre, son os inconvenientes que ten.

A *tele-ollada* consiste en que a compañeira/o nos coloque o seu exercicio nunha posición adecuada para que o poidamos ver a distancia. Non se recomenda estirar de máis o pescozo porque se levantarían sospeitas. As desvantaxes son as mesmas ca no caso anterior.

Existen ademais todo un conxunto de *técnicas simples*: escribir as chuletas en rolos de papel, no bolígrafo, na mesa, na man, no móbil... É útil para informacións breves (fórmulas, datas...) Convén usar a linguaxe en clave, así se se descobre sempre se pode dicir que era un xogo. O problema é que ás veces a clave pode esquecerse.

Na *técnica do cambiazó* hai que traer da casa escrita nun folio a pregunta que se cre que vai caer e incluílo cos demais folios do exame. Hai que ter coidado coa cor e co tamaño das follas. Pode haber problemas se o profesorado só entrega un folio ou está cunado.

Finalmente, expoñeremos a *técnica da dúbida solidaria*: consiste en levantarse moitas veces para preguntarlle dúbidas á profesora ou profesor e, de paso, aprovéitase para botarlle unha ollada ós exercicios dos demais. É aconsellable preguntar en voz alta para que os compañeiros e compañeiras se beneficien da información do profesor/a e poñerselle diante para que non vexa ós que poidan estar usando outros métodos de copiado.

De seguido faremos o exercicio inverso, serás ti o que teñas que desenvolver o texto destes esquemas:

Práctica 1

CLASIFICACIÓN DA PRODUCCIÓN LITERARIA DE NEIRA VILAS

1. NARRATIVA

1.1 LOCALIZACIÓN DA ACCIÓN

1.1.1 GALICIA: *Memorias dun neno labrego, Xente no rodicio...*

1.1.2 AMBIENTES DA EMIGRACIÓN: *Remuíño de sombras, Camiño bretemoso...*

1.2 TIPO DE PROTAGONISTA

1.2.1 INFANTIL: *Memorias dun neno labrego, Cartas a Lelo...*

1.2.2 ADULTO: *Xente no rodicio, Querido Tomás...*

2. POESÍA


2.1 POESÍA DE CORTE SOCIAL: *Dende lonxe, Inquedo latexar.*

3. ENSAIO

3.1 INVESTIGACIÓN SOBRE A EMIGRACIÓN GALEGA: *Galegos no Golfo de México, A prensa galega de Cuba...*

Práctica 2

EFFECTOS NOCIVOS DALGUNHAS DROGAS



MAPAS CONCEPTUAIS

Os mapas conceptuais son un xeito de representar a maneira en que organizamos os contidos na nosa mente. Constan de tres tipos de elementos:


a) **Conceptos-clave:** son os conceptos fundamentais dun texto e represéntanse rodeados por unha elipse ou un rectángulo. Ó principio de todo colócase o concepto máis xeral, que engloba toda a información que se coloca debaixo e que vén sendo o tema do texto.

b) **Frechas** que unen e xerarquizan os distintos conceptos.

c) Estas frechas van acompañadas de **palabras de enlace** que indican a clase de relación que existe entre os distintos conceptos. Pode ser unha soa palabra ou un grupo delas.

Os mapas conceptuais son de moita axuda á hora de ter unha visión xeral dun tema, porque destacan todo o importante del e relacionan unhas cousas con outras; ademais sempre permiten introducir exemplos.

Fíxate no modelo que che ofrecemos deseguido; nel non figuran exemplos de ósos que pertencen a cada unha das partes sinaladas, pero seguro que non che será difícil completalo:



Agora tócache a ti elaborar mapas conceptuais:

Práctica 1

A reprodución pode ser de dous tipos: asexual e sexual. No primeiro caso, os descendentes prodúcense a partir dun único individuo. Por exemplo, o xeranio pode orixinarse a partir dun gallo doutro xeranio. Certos protozoos poden dividirse, orixinando dúas células fillas. Este tipo de reprodución é frecuente nalgunhas plantas e en moitos seres inferiores.

Práctica 2

Foron moitos e variados os factores que contribuíron á intensa romanización da Gallaecia: a vida militar, que presenta un dobre aspecto: por unha parte a chegada aquí das lexións e por outra a emigración de moitos indíxenas como lexionarios, que se van relacionar en latín con xente de todo o imperio e que ó voltaren ás súas terras traerán novas técnicas, novos obxectos e tamén a nova lingua. O comercio: os mercadores levan ós núcleos indíxenas as novidades da cultura romana. Novas e máis adiantadas técnicas facían prosperar as vellas industrias, o que puña en contacto as cidades hispánicas con todo o imperio romano, xa que os produtos das súas industrias circulaban así por todo o mundo coñecido. Tamén na agricultura os romanos proporcionáronlles ós castrexos grandes adiantos: apréndéronlles procesos novos de cultivar a terra e danlles instrumentos moito máis axeitados para o desenvolvemento dunha agricultura máis progresiva.

Práctica 3

A singular beleza das paisaxes da comarca de Deza, unida á riqueza cultural e etnográfica, supoñen un amplo abano de posibilidades turísticas.

Entre as numerosas mostras de arquitectura relixiosa encóntrase o mosteiro de Carboeiro (1192), encravado nunha inmillorable situación, ás beiras do Deza; e o de San Salvador de Camanzo, cos seus frescos ben conservados, en Vila de Cruces. Tamén de estilo románico son as igrexas de San Martiño en Lalín e a de San Pedro de Vilanova en Dozón. De estilo barroco é o santuario de Nosa Sra. dos Desamparados. Polo que respecta á arquitectura civil hai que destacar, polo seu valor histórico e a súa situación na confluencia do Deza e o Ulla, as ruínas do castelo de Cira (S.XI).

Para os amantes da natureza hai que salientar o contorno do encoro de Portodemouros -onde se poden practicar deportes náuticos-, as impresionantes fervenzas do Toxa e, en xeral, as ribeiras dos ríos Ulla, Arnego, Deza e Toxa, ou o excelente miradoiro do Monte Faro. Varias rutas de sendeirismo percorren a comarca: ruta do Trasdeza, ruta de Ponte Taboada etc.

A oferta deportiva complementábase con outras actividades como a caza -no rebordo oriental montañoso e en Monte Castelo-, a pesca, o ráfing ou o parapente.

O turismo termal tamén está presente no balneario da Brea, no concello de Vila de Cruces.

Práctica 4

A comarca de Deza basea a súa economía fundamentalmente nas actividades agropecuarias, centradas no gando bovino de produción láctea e no porcino para carne.

Paralelamente a elas e concentrado en Lalín, desenvolveuse un importante sector industrial e de servizos, favorecido sen dúbida pola súa localización central no contexto da Galiza interior e pola existencia dunhas excelentes infraestruturas de comunicación e industriais: polígono de Botos e Lalín 2000, ambos os dous no concello de Lalín, Área 33 en Silleda e o polígono industrial de Agolada. Os subsectores máis representados a nivel empresarial e de maior entidade económica son os relacionados cos transformados do aluminio e a confección. Importantes firmas de moda galega, algunha da Comarca, e de recoñecido prestixio internacional, instaláron aquí os seus talleres de confección. Outros subsectores tamén importantes son a fabricación de materiais de construción, a elaboración de produtos de alimentación a partir dos recursos endóxenos, derivados da madeira e a industria extractiva de materiais non metálicos, que cobre a demanda dun importante sector da construción.

Da man deste desenvolvemento industrial xorde tamén un sector terciario diversificado, que se concentra basicamente en Lalín, onde a oferta comercial, bancaria, de servizos a empresas, e de equipamentos públicos cobren a demanda comarcal e confírenlle a esta vila un perfil propio de pequena cidade. A isto hai que engadir a crecente importancia do subsector turístico, para o que a comarca ofrece amplas potencialidades e constitúe unha actividade complementaria dentro da economía comarcal.